

II CONCURSO DE RELATO CURTO DO CONCELLO DO ROSAL

O Concello do Rosal, en colaboración coa Xunta de Galicia, organiza un concurso de relato curto en galego, con arranxo ás seguintes bases:

1. Obxectivo

Este concurso ten como obxectivo xeral a dinamización e o fomento do uso da lingua galega na veciñanza, e especialmente na mocidade, a través da participación no eido literario, impulsando a escritura en lingua galega e a creatividade como forma lúdica de galeguización potenciando o eido cultural.

2. Participación

Poderá participar calquera persoa non profesional, coa condición de que deberá recoller o premio en persoa, fomentando así a participación da xente da comarca. No momento no que se decidan as persoas gañadoras, se estes non posúen un motivo xustificado para non recoller o premio en persoa o día fixado, serán excluídos dos premios. En caso de ter xustificación e non poder acudir, poderán enviar a un/unha representante a recoller o premio. As categorías de participación son as seguintes:

- Infantil: ata 11 anos (ata os nados no ano 2014, incluído)
- Xuvenil: de 12 a 17 anos (os nados no ano 2008 ata os nados no ano 2015, incluídos ambos)
- Adultos/as: de 18 anos en adiante (os nados ata 2007, incluído)

Todos os relatos recibidos valoráranse garantindo o anonimato do/a autor/a.

3. Temática

Esta edición terá temática libre. Sen embargo, valorarase positivamente o uso de elementos e de temáticas relacionadas coas nosa terra, contorna, cultura, etc. O xurado poderá desbotar calquera relato que considere que non é apropiado para un concurso con estas características e neste



contexto (mensaxes de odio, temáticas inapropiadas, etc) ou que non siga a temática fixada para esta edición.

4. Premios

Haberá premios para os tres primeiros seleccionados en cada categoría. Ademais, para todas as persoas que participen haberá un diploma que reflexe a súa participación e unha copia dun pequeno recopilatorio que faremos cos relatos seleccionados.

Os premios dos tres primeiros seleccionados de cada categoría son os que se desglosan a continuación:

- Infantil:
 - o Primeiro premio: Un eBook de características profesionais e un Lote de libros infantís.
 - o Segundo premio: Un eBook e un Lote de libros infantís.
 - o Terceiro premio: Un lote de libros infantís.
- Xuvenil:
 - o Primeiro premio: Un eBook de características profesionais e un Lote de libros xuvenís.
 - o Segundo premio: Un eBook e un Lote de libros xuvenís.
 - o Terceiro premio: Un Lote de libros xuvenís.
- Adulto:
 - o Primeiro premio: Un eBook de características profesionais e un Lote de libros.
 - o Segundo premio: Un eBook e un Lote de libros.
 - o Terceiro premio: Un Lote de libros.

5. Proceso de presentación dos relatos

O proceso de presentación dos relatos poderase realizar de dúas maneiras:

1. De maneira presencial no Rexistro do Concello do Rosal de 09:00 a 14:00h entregando a seguinte documentación nun sobre DIN A4:
 - a. Unha copia do relato con título
 - b. Un sobre que inclúa a información persoal do autor ou autora: nome, apelidos, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto.



Dito sobre abrírase cando os membros do xurado tomen unha decisión. Esta información será xestionada por persoal técnico do concello e os membros do xurado só poderán ter acceso aos relatos en si e aos títulos dos mesmos. O sobre DIN A4 debe levar escrito por fora o título da obra, a data de nacemento do autor/a e a categoría para a que concursa.

2. A través dun formulario habilitado na páxina web do Concello do Rosal. Neste formulario requírirase información sobre a persoa que presenta o relato (idade, nome, e-mail, teléfono de contacto, etc.), o título do relato e o contido do mesmo. A información deste formulario almacénase directamente na páxina web do concello. O persoal técnico e político do concello non teñen acceso a esta información; será a empresa de comunicación que xestiona a páxina web (Linckia Integria, S.L) quen teña acceso, e quen proporcionará os relatos co título aos membros do xurado sen desvelar o anonimato dos/as autores/as ata despois da análise e decisión do xurado.
3. Para as categorías infantil e xuvenil a presentación dos relatos farase sempre con pleno coñecemento dos titores legais dos menores. No caso de que fose necesario, os titores legais axudarán durante o proceso de presentación dos relatos vía telemática ou presencial.

6. Criterios de valoración

Os criterios que se terán en conta para a valoración das obras presentadas serán os seguintes:

- A calidade da redacción
- A capacidade de comunicación
- A orixinalidade e a complexidade do relato
- Os recursos literarios utilizados
- O uso dunha temática relacionada coa nosa terra, a nosa cultura, etc

7. Prazos

O prazo de presentación será dende o día seguinte da data de publicación das bases na sede do Concello ata 60 días naturais despois da publicación das mesmas. A data definida poderá variar según os intereses do Concello.



O concurso terá unha duración de mínimo seis meses (aproximadamente), tendo en conta que os prazos serán os seguintes:

1. 60 días naturais de prazo para que os participantes se inscriban e elaboren os seus relatos.
2. 60 días naturais para que o xurado valore as propostas e tome unha decisión.
3. Publicación dos participantes que optan ao premio e proposta da data do evento.
4. A celebración do acto de entrega de premios será no Rosal. A data concreta do acto anunciarase na páxina web e nas redes sociais do Concello, e contactarase coas persoas gañadoras por teléfono, cando o xurado teña un veredicto.

8. Sobre os relatos: Requisitos e condicións

O relato presentado deberá ser en lingua galega, unha obra inédita, non utilizada antes en ningunha outra publicación nin concurso, e cunha extensión comprendida entre as 1000 e as 5000 palabras para as categorías xuvenil e adulto. Para a categoría infantil, o número mínimo de palabras é de 120. Debe estar escrita polo/a autor/a sen utilizar medios de intelixencia artificial. Serán presentadas en formato pdf, en tamaño DIN A4, a unha soa cara, dobre espazo e cunha fonte Times New Roman tamaño 12pt.

9. Xurado

O xurado estará composto por 3 integrantes: O Concelleiro de xuventude e dúas persoas ligadas de maneira comarcal ao ámbito literario:

- Alejandro González Martínez: Concelleiro de Xuventude do Concello do Rosal.



- Juan Balseiro Romero: Coordinador do club de lectura da Guarda (antes clube de lectura da librería Atlántica).
- Felipe Rodríguez Escribano: Gañador do primeiro Concurso de relato curto do Concello do Rosal.

10. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases, en particular:

- Os dereitos de autor estarán regulados pola lexislación vixente sobre a propiedade intelectual.
- Ao participar neste concurso, as persoas gañadoras de cada unha das categorías, ceden os dereitos de edición, difusión e publicación do relato presentado á organización por un período de cinco anos.
- Aceptar a difusión e/ou reprodución dos relatos gañadores a través dos distintos canles de información e difusión á cidadanía (web, canal multimedia, redes sociais, publicacións, catálogo dixital e calquera outro medio de difusión e información).

11. Protección de datos

En cumprimento o disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal y garantía de los dereitos dixitais, o Concello do Rosal manifesta que os datos persoais obtidos directamente dos participantes serán tratados coa única finalidade de permitir a xestión e resolución do concurso.

12. Consultas e dúbidas

Ante consulta ou dúbida respecto ao concurso, pode poñerse en contacto coa organización por correo electrónico: informacionxjuvenil@orosal.gal

